

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES REGULADORAS  
DE ADXUDICACIÓN DE SERVICIO**

**CADRO DE CARACTERÍSTICAS XERAIS**

<b>OBXECTO</b>	Servizo de conexión, mantemento e explotación da rede inalámbrica municipal do Concello de Corcubión	
<b>PREZO TOTAL</b>	Orzamento base	22.878,16 €
	21% IVE	4.804,40 €
	Orzamento total	27.682,56 €
<b>PRAZO</b>	4 anos, con posibilidade de dúas prórrogas anuais	
<b>APLICACIÓN ORZAMENTARIA</b>	920.22200	
<b>TRAMITACIÓN</b>	Procedemento Aberto Ordinario	
<b>PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN</b>	Quince días hábiles dende o seguinte a publicación do anuncio no Perfil do contratante e no BOP de A Coruña	
<b>GARANTÍA PROVISIONAL</b>	Non se esixe	
<b>TAXAS MUNICIPAIS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Formalización do contrato 183,91 €</li> <li>- Constitución de fianza definitiva: 6,13 €</li> <li>- Devolución de fianza: 6,13 €</li> </ul>	
<b>GARANTIA DEFINITIVA</b>	5% do prezo de adxudicación do contrato (IVE excluído)	
<b>SIGLAS</b>	TRLCSPP → Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.	
	RD 817/2009 → Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSPP.	
	RXLCAP → Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.	
<b>REVISIÓN DE PREZOS</b>	Non procede	
<b>FORMA E MEDIO DE CONSULTA E LUGAR DE PRESENTACIÓN</b>	Perfil do contratante: <a href="http://www.corcubion.info.es">http://www.corcubion.info.es</a>  Lugar de Presentación: Oficinas Municipais da Casa do Concello en horario de 9 a 14 horas e lugares sinalados no prego.	

**OUTROS DATOS:**

**INFORMACIÓN TELÉFONO DO CONCELLO: 981 745400**

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXIRÁ O EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DENOMINADO “SERVIZO DE CONEXIÓN, MANTEMENTO E EXPLOTACIÓN DA REDE INALÁMBRICA MUNICIPAL DO CONCELLO DE CORCUBIÓN”**

## **I. DISPOSICIÓN XERAIS**

### **1. OBXECTO**

1.1. O obxecto desta contratación, mediante procedemento aberto, é a de tramitación do expediente de contratación denominado “**Servizo de conexión, mantemento e explotación da rede inalámbrica municipal do Concello de Corcubión**”.

1.2. Trátase dun contrato de servizo, de acordo co artigo 10 do TRLCSP, categoría 5 do Anexo II, cuxo obxecto se describe no prego que prescricións técnicas que se xunta, que forma parte íntegra desta contratación xunto co presente prego de cláusulas administrativas.

1.3. Do prego de prescricións técnicas extraírense as seguintes indicacións relativas ao obxecto do contrato:

#### **1. OBXECTO DO CONTRATO**

*“O presente documento constitúe prego de prescricións técnicas particulares que rexerá o servizo de mantemento e explotación da rede inalámbrica municipal do Concello de Corcubión.*

*Este servizo prestarase con base nas instalacións existentes que foron levadas a cabo no proxecto do ano 2009, redactado por Estratega Consulting Global, enxeñeiro superior de telecomunicacións Manuel Burillo Morais, colexiado nº 9.530.*

*Prestarase servizo de Internet de banda longa de unha capacidade mínima de 2 megas nos locais do Concello de Corcubión.”*

#### **2. OBXECTIVOS**

*“Proveer de conectividade avanzada de Internet a través da rede inalámbrica municipal existente os locais sociais que se indican no presente prego que dependen do Concello e os veciños do municipio, situados xeográficamente no entorno de ditos locais.*

*Os colectivos de usuarios que son obxecto do proxecto son:*

*- Por un lado, os veciños que son os que, en principio, poden adoeecer de maior falta de infraestruturas para conexión a Internet e utilizan de xeito máis habitual os locais*

*socioculturais do Concello de Corcubión. Dentro de esta categoría, so se inclúen os veciños empadroados no Concello de Corcubión.*

*- Por outro lado, están tamén as empresas que, de un modo ou outro, poderán beneficiarse das infraestructuras existentes para a súa actividade profesional.*

*Os usos previstos para a conexión a Internet son os seguintes:*

*1. Acceso a servicios de Administración Electrónica: o Concello de Corcubión dispón de unha paxina web dende a que se ofrecen unha gran cantidade de servicios cidadáns de Administración os cales serán accesibles de forma preferente dende a rede inalámbrica municipal.*

*2. Ocio e entretemento excluindo explicitamente actividades como: descarga masiva de ficheiros, redes P2P e, en xeral, acceso e intercambio a sitios de contidos ilegais, ofensivos, discriminatorios e pornográficos.*

*3. Turismo e Cultura: promoción da actividade turística e cultural para veciños de Corcubión como para persoas foráneas que visitan o Concello.”*

*Segundo o prego de prescricións técnicas este servizo prestarase aos seguintes centros locais municipais: :*

- Local no que se atopa a Radio Municipal (Radio Neria) sito en Avenida da Viña.*
- Locais da Casa da Cultura Municipal sita na Rúa Médico Vicente Fraguela.*
- Polideportivo Municipal, sito na Rúa Praia de Quenxe.*
- Oficina de Turismo, edificio cárcere vello, sito no Peirao.*

1.4. O obxecto deste servizo corresponde ao código CPV (Vocabulario Común de Contratos) da Comisión Europea núm. de 64200000-8 a 64228200-2 72318000-7, y de 72700000-7 a 72720000-3.

1.5. Terán carácter contractual os seguintes documentos:

- ➔ O presente prego de cláusulas administrativas e o de prescricións técnicas.
- ➔ A oferta presentada polo adxudicatario.

## **2. PREZO. ORZAMENTO DE LICITACIÓN**

2.1. O prezo tipo fixado pola Corporación contratante, que se corresponde ao contemplado no prego de prescricións técnicas será de 27.682,56 € durante os catro anos de duración do contrato, a razón de 6.920,64 € por cada anualidade.

2.2. O orzamento de licitación total durante os catro anos de vixencia do contrato desglosase do seguinte xeito:

Valor estimado do contrato	22.878,16 €
21 % IVE	4.804,40 €
<b>Orzamento máximo de contratación</b>	<b>27.682,56 €</b>

2.3.O orzamento de licitación por cada unha das anualidades de duración do contrato queda desglosado do seguinte xeito:

Valor estimado do contrato	5.719,54€
21 % IVE	1.201,10€
<b>Orzamento máximo de contratación</b>	<b>6.920,64€</b>

2.4.O citado importe representa o orzamento máximo de licitación que deberá soportar o Concello de Corcubión, quedando pendente o prezo do contrato á oferta presentada polo futuro adxudicatario.

2.5.Na cantidade sinalada, así como nas fixadas nas proposicións económicas presentadas e no importe da adxudicación, atópanse incluídos a totalidade dos gastos que o adxudicatario lle produza a realización deste contrato de acordo co previsto na **cláusula 21** do presente prego.

### **3. DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE EXECUCIÓN**

3.1.De conformidade co establecido no artigo 303 TRLCSP, o prazo do contrato terá unha duración de **catro anos** (4), contados a partir do seguinte ao de asinado do correspondente contrato.

3.2.Igualmente, de conformidade co establecido no artigo 303 TRLCSP, o contrato poderá prorrogarse por mutuo acordo das partes antes do seu remate ata un máximo de **dúas prórrogas anuais**, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poda exceder en ningún caso de **seis anos**.

3.3.Cada solicitude de prórroga anual deberá ser solicitada expresamente ao Concello de Corcubión pola empresa contratista cunha antelación superior a un mes anterior ao remate de vixencia do contrato, debendo ser aceptada expresamente polo órgano de contratación.

3.4.Dado que o contrato ten carácter plurianual, a autorización e o compromiso do gasto subordinarase o crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos, de conformidade co establecido no artigo 174.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

### **4. FINANCIAMENTO. EXISTENCIA DE CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

Para atender as obrigas económicas que se derivan para a Administración do cumprimento do contrato, existe crédito suficiente no Orzamento, con cargo a aplicación orzamentaria 920.22200, comprometéndose o Concello de Corcubión a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Por tratarse dun gasto plurianual, se financiará de conformidade co establecido no artigo 174do TRLFL 2/2004, e, en consecuencia, o gasto queda subordinado o crédito que, para cada exercicio, se consigne no orzamento correspondente.

## **5. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICCIÓN**

5.1. Esta contratación cualifícase como contrato de servizos de carácter administrativo, de conformidade co establecido nos artigos 10 e 19 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

5.2. Este expediente de contratación quedará sometido á seguinte regulación:

- Prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.
- Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (en adiante, TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en adiante RD 817/2009).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante, RXLCAP), en tanto continúe vixente, ou ás normas regulamentarias que o substitúan.
- Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia.
- Así mesmo, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do Sector Público e as dictadas pola Comunidade Autónoma de Galicia no marco das súas competencias.
- Con carácter supletorio, ás restantes normas de Dereito Administrativo e, no seu defecto, os preceptos de Dereito privado.

5.3. Calquera persoa física ou xurídica quedará automaticamente suxeita á anterior regulación desde o momento de presentación da proposición a este expediente de contratación, así como o posterior adxudicatario do contrato.

5.4. As cuestións litixiosas que puideran xurdir na interpretación, modificación ou resolución deste contrato serán resoltas, tendo en conta o disposto nos artigos 210 e seguintes do TRLCSP e artigo 97 e seguintes do RCAP polo órgano de contratación, cuxos acordos poñerán fin a vía administrativa, podendo ser recorridos ante a xurisdicción contencioso-administrativa con cumprimento dos requisitos establecidos na lei reguladora de dita xurisdicción.

## **II. OUTROS ASPECTOS XENÉRICOS DA CONTRATACIÓN**

### **6. PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN**

6.1. En cumprimento do establecido no artigo 109.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de Novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei e Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP), o procedemento aberto xustifícase por ser un dos procedementos de adxudicación ordinarios e non concorrer circunstancias que recomenden

acudir a un procedemento restrinxido, nin ningún dos supostos que permiten a utilización de calquera outro tipo de procedemento (art. 138.2 TRLCSP).

A valoración de diferentes criterios para a adxudicación do presente contrato ven imposta no art. 150.3 g) TRLCSP.

6.2. Aos efectos de determinar a publicidade, o procedemento de adxudicación e as posibles modificacións posteriores do contrato, o valor estimado da contratación a realizar é coincidente co orzamento de licitación establecido na **cláusula 2** deste prego, que ascende á cantidade de 27.682,56 € durante os catro anos de vixencia do contrato, a razón de 6.920,64 € por cada unha das anualidades.

## **7. PERFIL DO CONTRATANTE.**

No perfil do contratante do órgano de contratación publicarase a licitación e a adxudicación do contrato, así como calquera outro dato e información referente a súa actividade contractual, de acordo co establecido no artigo 53 do TRLCSP.

O acceso público ao perfil do contratante efectuarase a través da páxina web do Concello de Corcubión, na seguinte dirección: <http://www.corcubion.info/es/>.

## **8. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**

8.1.O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública Concello de Corcubión para este tipo de contrato, é o Alcalde-Presidente.

8.2.O órgano de contratación ten a facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable.

## **9. CONTRATISTAS. CAPACIDADE PARA CONTRATAR**

9.1.Poderán concorrer a esta licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 60 TRLCSP, extremo que poderá acreditarse por calquera dos medios establecidos no artigo 73 do devandito Texto.

9.2.As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

9.3.Poderá contratarse con unións de empresarios que se constituían temporalmente ao efecto, de acordo co establecido no artigo 59 TRLCSP.

9.4.Os que acudan á licitación poderán facelo por si ou representados por persoa autorizada mediante poder bastante, sempre que non estea incurso nalgunha das causas que se enumeran

no artigo 60 TRLCSP. Cando en representación dalgunha Sociedade, civil ou mercantil, conorra algún membro da mesma, deberá xustificar documentalmente que está facultado para elo.

9.5.Os poderes e documentos acreditativos da personalidade xuntaranse á proposición bastanteados previamente pola Secretaría Xeral do Concello.

9.6.Cada licitador non poderá presentar máis dunha oferta.

9.7.Non poderán concorrer á licitación aquelas empresas que participaran na elaboración das especificacións técnicas a que se refire o presente contrato, sempre que a devandita participación poda provocar restricións á libre concorrncia ou supoñer un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras (art. 56.1 TRLCSP).

## **10. ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA**

10.1. Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica, ben a través da acreditación dunha clasificación adecuada ao obxecto do contrato, ben a través dos medios de xustificación que, ao abeiro dos artigos 62, 75 e 78 TRLCSP, se reflicten na **cláusula 12** deste prego.

10.2. Ao marxe de acreditar a súa solvencia técnica polos medios indicados neste prego, os licitadores deberán asumir o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levalo a cabo adecuadamente, medios cuxa realización detallada deberán incluír na documentación que acompañara á oferta, tal e como se estipula na **cláusula 12** e cuxa disposición efectiva deberá acreditar documentalente o licitador que resulte proposto como adxudicatario. A efectiva adscripción de tales medios á execución do contrato considérase obriga esencial aos efectos previstos no artigo 222.f) TRLCSP.

## **III. ACTUACIÓNS PREVIAS Á ADXUDICACIÓN**

### **11. GARANTÍA PROVISIONAL**

Non será esixible para expediente de contratación.

### **12. FORMA DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS. CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS**

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto.

As propostas serán secretas e presentaranse en sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, identificados, no seu exterior, con indicación da licitación a que concurran e asinados polo licitador ou a persoa que o represente e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa.

Faise constar expresamente a non admisión de variantes ou alternativa nas proposicións por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.



12.1. **CARÁTULA DO SOBRE NÚM. 1.** Conterá o seguinte cadro debidamente cuberto:

<b>NÚMERO DE SOBRE E DENOMINACIÓN</b>	SOBRE NÚM. 1 DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA
<b>OBXECTO DO CONTRATO</b>	SERVIZO DE CONEXIÓN, MANTEMENTO E EXPLOTACIÓN DA REDE INALÁMBRICA MUNICIPAL DO CONCELLO DE CORCUBIÓN
<b>DENOMINACIÓN DA EMPRESA</b>	
<b>CIF DA EMPRESA</b>	
<b>DOMICILIO SOCIAL DA EMPRESA</b>	
<b>NOME DO REPRESENTANTE OU APODERADO DA EMPRESA</b>	
<b>NÚMERO DE TELÉFONO</b>	
<b>NÚMERO DE FAX</b>	
<b>CORREO ELECTRÓNICO</b>	
<b>DATA E ASINADO DO LICITADOR</b>	

12.2. **DOCUMENTACIÓN A INCLUIR DENTRO DO SOBRE NÚM. 1 DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (ARTIGO 146 TRLCSP e 80.6 RXLCAP).**

Os documentos poderán presentarse en exemplar orixinal ou mediante fotocopias autenticadas.

Ao obxecto de facilitar o control da documentación ao órgano de contratación, deberá constar dentro do sobre, na primeira páxina, un índice cos documentos que o integran. Así mesmo, a documentación deberá presentarse con base no devandito orde e mediante separadores.

Este sobre conterá, de conformidade co disposto no artigo 146 TRLCSP, a seguinte documentación:

**12.2.1. Documentos acreditativos da personalidade do empresario**

- **Os empresarios individuais (persoa física)** → Copia autenticada do DNI.
- **Os empresarios persoas xurídicas** → A escritura ou documentos nos que conste a constitución da entidade, e, no seu caso, a súa modificación, inscritas no Rexistro Mercantil cando este requisito fora esixible consonte á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no



que consten as normas polas que se regula á súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial que fora preceptivo. Ademáis deberán presentar o DNI do representante e o CIF da empresa.

#### 12.2.2. Documentos acreditativos da representación

Cando o licitador actúe mediante representante, este deberá aportar documento fehaciente acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, bastantado pola Secretaría do Concello.

As proposicións deberán vir asinadas polos licitadores. No suposto de persoas xurídicas virán asinadas polo seu representante, debendo acreditar esta condición co poder outorgado a favor deles.

Se o licitador fora persoa xurídica este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil. Se se trata dun poder para un acto concreto non é necesaria a inscrición no Rexistro Mercantil, de acordo co artigo 94.1.5 do Regulamento do Rexistro Mercantil (Real Decreto 1784/1996, de 19 de xullo).

Así mesmo esixirase copia autenticada do Documento Nacional de Identidade do licitador ou o do seu representante.

#### 12.2.3. Documento acreditativo de no estar incurso en prohibición de contratar

Incluirá a **declaración responsable** do licitador na que afirme no estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar consonte ao artigo 60 TRLCSP. Esta declaración comprenderá, igualmente, a testemuña de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coas facendas autonómica e estatal, así como coa Seguridade Social, impostas pola lexislación vixente, sen prexuízo de que este extremo deba debidamente xustificarse polo licitador proposto para a formalización do contrato previamente ao acto administrativo de adxudicación.

**Este modelo de declaración insertase no anexo I deste prego.**

#### 12.2.4. Unión temporal

Se varios empresarios acoden á licitación constituíndo unha **unión temporal**, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, así como o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal de empresas en caso de resultar adxudicatarios do contrato e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que podan outorgar as empresas para cobros e pagamentos de contía significativa.

As empresas que liciten en unión temporal, acreditarán os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica acumulándose as características acreditadas por cada unha delas a efectos da determinación da solvencia da unión temporal.

#### **12.2.5. Documentos acreditativos da solvencia económica, financeira e técnica**

Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica a través dos medios de xustificación que, ao abeiro dos artigos 62, 75 e 78 TRLCSP, se sinalan a continuación.

##### **Solvencia económica e financeira (artigo 75 TRLCSP)**

A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda, Os empresarios non obrigados a presentar as contas nos Rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondentes ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

Se, por unha razón xustificada, o empresario non está en condicións de presentar as referencias solicitadas, autorizaráselle a acreditar a súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outro documento que se considere apropiado polo órgano de contratación.

##### **Solvencia técnica nos contratos de servizos (artigo 78 TRLCSP)**

Nos contratos de servizos a solvencia técnica ou profesional dos empresarios deberá apreciarse tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, o que poderá acreditarse para este tipo de contrato por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas, e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

- b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.
- c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.
- d) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.
- e) Declaración sobre a plantilla media anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.
- f) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente.
- g) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

12.3. **CARATULA DO SOBRE NÚM. 2.** Conterá o seguinte cadro debidamente cuberto:

<b>NÚMERO DE SOBRE E DENOMINACIÓN</b>	<b>SOBRE NÚM. 2 DOCUMENTACIÓN TÉCNICA</b>
<b>OBXECTO DO CONTRATO</b>	<b>SERVIZO DE CONEXIÓN, MANTEMENTO E EXPLOTACIÓN DA REDE INALÁMBRICA MUNICIPAL DO CONCELLO DE CORCUBIÓN</b>
<b>DENOMINACIÓN DA EMPRESA</b>	
<b>CIF DA EMPRESA</b>	
<b>DOMICILIO SOCIAL DA EMPRESA</b>	
<b>NOME DO REPRESENTANTE OU APODERADO DA EMPRESA</b>	
<b>NÚMERO DE TELÉFONO</b>	
<b>NÚMERO DE FAX</b>	
<b>CORREO ELECTRÓNICO</b>	
<b>DATA E ASINADO DO LICITADOR</b>	

12.4. **DOCUMENTACIÓN A INCLUÍR DENTRO DO SOBRE NÚM. 2**  
(criterios valorables mediante xuízos de valor )

#### 12.4.1. Documentación técnica

Como primeiro documento presentarase unha relación numerada e foliada de todos os documentos que se presentan neste sobre.

Como documentos integrantes da documentación técnica, deberán incluírse, como mínimo, os seguintes:

##### **Plan de Traballo ou memoria detallada**

Neste sobre núm. 2 incluírase un Plan de traballo ou memoria detallada, descritiva dos aspectos organizativos e funcionais do Servizo. Deberá conter:

- Programa detallado do procedemento que se seguirá para a realización do traballo, con especial referencia ás cuestións relativas á organización.
- Horarios de realización do servizo.
- Medios a empregar e material que se pon a disposición da prestación.
- Cadro técnico e operativo do persoal que se adscribirá á súa realización, con expresión da súa cualificación profesional e experiencia en iguais traballos para as Administracións Públicas.
- As titulacións académicas ou profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.
- Referencia aos traballos similares realizados no sector público ou no privado.

**Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas consonte á lexislación vixente na materia.**

12.5. **CARATULA DO SOBRE NÚM. 3.** Conterá o seguinte cadro debidamente cuberto:

<b>NÚMERO DE SOBRE E DENOMINACIÓN</b>	<b>SOBRE NÚM. 3 OFERTA ECONÓMICA</b>
<b>OBXECTO DO CONTRATO</b>	<b>SERVIZO DE CONEXIÓN, MANTEMENTO E EXPLOTACIÓN DA REDE INALÁMBRICA MUNICIPAL DO CONCELLO DE CORCUBIÓN</b>
<b>DENOMINACIÓN DA EMPRESA</b>	
<b>CIF DA EMPRESA</b>	
<b>DOMICILIO SOCIAL DA EMPRESA</b>	
<b>NOME DO REPRESENTANTE OU APODERADO DA EMPRESA</b>	

NÚMERO DE TELÉFONO	
NÚMERO DE FAX	
CORREO ELECTRÓNICO	
DATA E ASINADO DO LICITADOR	

## 12.6. DOCUMENTACIÓN A INCLUIR DENTRO DO SOBRE NÚM. 3

### 12.6.1. Oferta económica

Este sobre conterá a proposición expresada consonte ao modelo que figura no **Anexo II** deste prego (**Modelo de proposición**). Neste modelo expresarase os seguintes criterios:

– A oferta económica.

– No seu caso, a porcentaxe de persoal discapacitado co que conta a empresa. Os licitadores que pretendan contar para a adxudicación coa preferencia regulada na disposición adicional 4ª TRLCSP, deberán aportar os documentos que acrediten que, ao tempo de presentar a súa proposición, teñen na súa plantilla un número de traballadores con discapacidade superior ao 2 por 100. Esta cláusula funcionará no suposto de igualdade entre dous ou máis licitadores. Desde o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación será preferida a proposición presentada por aquela empresa que teña no seu cadro de persoal un número de traballadores coa citada proporción de discapacidade.

No caso de discrepancia entre o importe expresado en letra e o expresado en cifra, prevalecerá a cantidade que se consigne en letra, salvo que dos documentos que compoñen a proposición se desprenda outra cousa.

## 13. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

As propostas presentaranse no Rexistro do Concello, de 9 a 14 horas, durante o prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, contados dende o seguinte a última publicación do anuncio de licitación deste procedemento aberto no Perfil do Contratante e no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

Tamén poderá presentarse a documentación nas oficinas de correos no prazo sinalado anteriormente. Neste caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante telex, FAX (981747100) ou telegrama no mesmo día, indicando a licitación a que concorre, así como o nome ou no seu caso, razón social da empresa. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposta se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade a data e hora de terminación do prazo que sinala o anuncio, transcorridos cinco días seguintes ao remate do prazo de presentación de proposicións, sen ter recibido a proposta, esta non será admitida en ningún caso.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros licitadores se o fixo individualmente ou

figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas, dará lugar a non admisión de tódalas propostas por el subscritas.

Se algunha proposta económica carecera de concordancia coa documentación examinada e admitida, excedera do orzamento de licitación ou variara substancialmente o modelo establecido, será descartada polo órgano de contratación.

Tampouco se terán por correctas nin válidas aquelas ofertas económicas que conteña cifras comparativa ou expresións ambiguas, aquelas que se presenten con emendas ou raspaduras que poidan inducir a dúbida racional sobre o seu contido.

A oferta económica deberá ser redactada en castelán/galego, de maneira indiferente e deberá estar asinada polo empresario ou persoa facultada para elo.

A presentación das propostas presupón a aceptación incondicional, por parte do empresario, do contido do prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares sen salvedade ningunha.

#### **IV. ACTUACIÓNS INTERNAS DO CONCELLO PARA A ADXUDICACIÓN**

##### **14. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓNS.**

De conformidade co previsto no artigo 320 e a Disposición Adicional 2ª 10) do TRLCSP e artigo 21 do Real Decreto 817/2009, de 8 de Maio, a Mesa de Contratación estará integrada por:

**PRESIDENTE:** Manuel Insua Insua, concelleiro.

**VOCAIS:**

- Antonio Martínez Domínguez, Arquitecto contratado polo Concello de Corcubión.
- Mª Lourdes Castro Pena, Secretaría-interventora do Concello de Corcubión.
- Mª Manuela Fernández Louro, concelleira.
- Norberto Pais Redonda, ADEL do Concello de Corcubión.

**SECRETARIO:** María del Carmen Trillo Mouxo, auxiliar administrativa de Secretaría

A Mesa de Contratación constituirase para cualificar a documentación presentada, en tempo e forma.

A ditos efectos, polo Presidente, procederase a apertura dos sobres “1”, da documentación. Se a Mesa observase defectos materiais na documentación presentada comunicarao verbalmente ou mediante fax aos interesados e concederá un prazo non superior a tres días hábiles para que o licitador emende o erro.

Considerase defecto subsanable a non achega de algún documento sempre que o suposto de feito ou de dereito que reflicte o documento existise con anterioridade a formalización do prazo para presentar ofertas.

A Mesa, unha vez cualificada a documentación e corrixidos, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, procederá a determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección das mesmas, con pronunciamento expreso sobre os admitidos na licitación, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento.

No caso de que non se requira subsanación de documentación do sobre 1, continuarase o acto ca apertura do sobre 2, que contén a documentación “Referencias Técnicas” en acto público; no mesmo acto procederase a valoración da documentación presentada en acto a porta pechada, sen prexuízo dos informes que se estime necesario solicitar para a valoración da documentación técnica. Realizada a valoración do sobre 2, procederase a apertura do sobre 3 coa conseguinte valoración das ofertas presentadas, a apertura dos sobres será pública, non así o proceso de valoración.

Terminada a valoración das ofertas, a Mesa de Contratación elevara proposta de adjudicación o Órgano de Contratación, que incluírá a ponderación dos criterios e causas de exclusión das ofertas presentadas.

A convocatoria o acto público de apertura de sobres realizarase a través do perfil do contratante do Concello de Corcubión.

#### 14. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS

Para a valoración de proposicións, teranse en conta os seguintes criterios:

1	Oferta económica, con posibilidade de baixa con respecto ao prezo máximo de licitación	Ata 15 puntos
2	Programa detallado do procedemento a seguir para a realización do servizo	Ata 3 puntos
3	Medios a empregar e material que se pon a disposición da prestación	Ata 3 puntos
4	Cadro técnico e operativo do persoal, coa súas titulacións	Ata 3 puntos
5	Experiencia en servizos similares no sector público ou privado	Ata 3 puntos

Para a valoración da oferta económica, os puntos distribuiranse proporcionalmente á baixa sobre o prezo de licitación.

As restantes proposicións valóranse de xeito proporcional, mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación} = \text{Pb} (\text{Om} / \text{Oc})$$

Pb: puntuación máxima a asignar

Om: oferta menor

Oc: oferta concursante

A valoración do prezo ofertado realizarase excluindo o IVE.

Nos outros supostos (apartados 2 a 5), darase a maior puntuación a quen aporte para cada criterio a millor oferta e as demais proposicións cero puntos.

#### 15. OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

Considerarase, en principio, como anormal ou desproporcionada a baixa de toda proposición económica cunha porcentaxe que exceda en 10 unidades, polo menos, a media aritmética das porcentaxes de baixa de todas as proposicións presentadas. Neste suposto estarase ao disposto nos parágrafos 3 e 4 do artigo 152 TRLCSP.



## **16. CONSTITUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR**

16.1. Efectuada a proposta de adxudicación polo órgano de contratación, requirirase ao adxudicatario proposto para que no prazo de **dez días hábiles** constitúa a garantía definitiva e presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calesquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar.

### **16.2. Constitución de garantía definitiva**

16.2.1. De conformidade co artigo 95.1 TRLCSP, o adxudicatario proposto deberá acreditar a constitución da garantía definitiva por importe do 5 por 100 do prezo de adxudicación do contrato, excluído o Imposto sobre Valor Engadido.

16.2.2. A garantía definitiva poderá presentarse en calquera das formas previstas no artigo 96 TRLCSP, debendo depositarse o seu importe ou a documentación acreditativa correspondente na Tesourería municipal.

16.2.3. Cando, a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, reaxustarase a garantía no prazo de quince días, contados desde a data na que se notifique o adxudicatario a resolución da modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 99 TRLCSP.

16.2.4. Para devolución da garantía definitiva, unha vez concluído o contrato, estarase ao disposto nos artigos 102 e 235 TRLCSP.

16.2.5. A garantía non será devolta ou cancelada ata que se cumprira satisfactoriamente o contrato. Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 TRLCSP.

### **16.3. Demais documentación a presentar**

16.3.1. O adxudicatario proposto deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

#### **16.3.2. Obrigas tributarias**

A acreditación de atoparse ao corrente no cumprimento da súas obrigas tributarias realizarse presentando a seguinte documentación, de acordo co artigos 13 e 15 RXLCAP:

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado (Axencia Estatal de Administración Tributaria), polo que respecta ás obrigas tributarias do mesmo.

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (Consellería de Economía e Facenda), polo que respecta ás obrigas tributarias coa mesma.

### 16.3.3. Obrigas coa Seguridade Social

A acreditación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social realizarase mediante certificación expedida pola autoridade administrativa competente. No suposto que deba terse en conta algunha excepción, acreditarase tal circunstancia mediante declaración responsable.

De non cumprirse adecuadamente o requirimento de entrega de documentación regulado nesta cláusula no prazo sinalado, entenderase que o licitador rexeita á adxudicación do contrato, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, polo orden no que quedasen clasificadas ás súas ofertas. **Non procederá a adxudicación do contrato ao licitador proposto se este non cumpre as condicións necesarias para elo.**

## 17. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

17.1. De conformidade co artigo 151.3 TRLCSP, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos **cinco días hábiles** seguintes á recepción da documentación que se reflicte na cláusula anterior, concretando e fixando os termos definitivos do contrato.

17.2. A adxudicación deberá dictarse en todo caso sempre que algunha das ofertas presentadas reúna os requisitos esixidos no prego de cláusulas, non podendo en tal caso declararse deserta a licitación. Non obstante, nos termos previstos no artigo 155 TRLCSP, o Concello de Corcubión, antes de dictar a adxudicación, poderá renunciar a celebrar o contrato por razón de interese público, ou desistir do procedemento tramitado, cando este adoeza de defectos non subsanables, debendo de indemnizar aos licitadores, en ambos casos, dos gastos que a súa participación na licitación efectivamente lles ocasionara. Neste caso, o órgano de contratación compensará aos licitadores polos gastos no que incorreran ata un máximo de 300 €.

17.3. A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

17.4. A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer, consonte ao artigo 40 TRLCSP, recurso suficientemente fundado contra a decisión da adxudicación, consonte establece no parágrafo segundo do artigo 151.4 TRLCSP.

17.5. A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico á dirección que os licitadores ou candidatos designaran ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. Poren, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, será de cinco días.

17.6. En todo caso, a selección da mellor oferta e a subseguinte resolución de adxudicación do contrato deberán realizarse no prazo máximo de **dous meses** desde o remate do prazo de presentación das ofertas. Transcorrido o devandito prazo sen dictarse acordo sobre a adxudicación, os licitadores poderán retirar as súas ofertas e as garantías constituídas (artigo 161 TRLCSP).

## V. ACTOS DE CONTRATACIÓN

### 18. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

18.1. De conformidade co establecido no parágrafo segundo do artigo 156.3 TRLCSP, o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para subscribir, dentro do prazo de **quinze días hábiles** seguintes á data da notificación da adxudicación, o documento administrativo de formalización do contrato.

18.2. O modelo de contrato axustarase a normativa vixente, ao que se unirá, formando parte íntegra do mesmo, a oferta do adxudicatario e un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas. Todas as follas do devandito documento será asignadas polo contratista e Alcalde-Presidente do Concello de Corcubión, figurando ademais en cada unha das follas do documento o asinado da Secretaria municipal.

18.3. Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade ao asinado do mesmo, deberá achegar escritura pública de constitución como tal.

18.4. O documento no que se formalice o contrato, co que este se perfecciona, será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

18.5. Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización. Se esta non se levara a cabo dentro do prazo indicado por causa imputable ao adxudicatario, a Administración poderá acordar a incautación da garantía constituída. Se as causas da non formalización foran imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puidera ocasionar.

## VI. COMEZO DA EXECUCIÓN DO CONTRATO

### 19. RESPONSABLE SUPERVISOR DOS TRABALLOS OBXECTO DO CONTRATO

O órgano de contratación poderá designar unha persoa física ou xurídica vinculada ao ente contratante ou allea ao mesmo como responsable do traballo, quen supervisará a execución do mesmo, comprobando que a súa realización se axusta ao establecido no contrato. O responsable do contrato cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación e poderá practicar aquelas outras comprobacións adecuadas á natureza do contrato.

## 20. OUTRAS OBRIGAS DO CONTRATISTA

20.1. O contrato executarase con estricte suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares, observando fielmente o establecido no prego de prescricións técnicas, así como as instrucións que, no seu caso, lle dera o responsable do contrato designado polo órgano de contratación.

24.1. O contratista deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que ostentará, a todos os efectos, a condición de empresario.

24.2. O contratista deberá gardar sxiilo respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegaran ao seu coñecemento con ocasión do mesmo.

## 21. GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA

21.1. Son de conta do contratista todos os gastos derivados do contrato, así como os de formalización do contrato se este se eleva a escritura pública.

21.2. Tanto nas proposicións presentadas polos licitadores, como nos orzamentos de adxudicación enténdense comprendidos todas as taxas e impostos, directos e indirectos e arbitrios municipais que graven a execución do contrato, que correrán por conta do contratista.

21.3. Consideraranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario e no prezo do contrato todos os gastos que resultasen necesarios para a execución do contrato, incluídos os posibles desprazamentos.

## 22. ABONOS AO CONTRATISTA

O importe de adxudicación será satisfeito ó contratista, por meses vencidos, con cargo os créditos previstos no Orzamento da Corporación, previa presentación da correspondente factura, que deberá describir os servicios realizados, e contar coa conformidade do responsable municipal.

## 23. CUMPRIMENTO DOS PRAZOS

23.1. O contratista queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato nos termos previstos na **cláusula terceira** deste prego.

23.2. Se chegado o remate do prazo establecido o contratista incorrera en demora, por causa imputable ao mesmo, o Concello poderá optar indistintamente pola resolución do contrato, con perda da garantía constituída, ou pola imposición das penalidades que legalmente se determinen.

23.3. Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiple do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

23.4. Esta mesma facultade terá o Concello respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

23.5. A imposición de penalidades non exclúe a indemnización á que poida ter dereito o Concello por danos e prexuízos ocasionados polo retraso imputable ao contratista.

23.6. A constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte do Concello.

23.7. Se se producira retraso no cumprimento dos prazos por causas non imputables ao contratista, o Concello poderá, a petición deste ou de oficio, conceder a prórroga por un tempo igual ao tempo perdido, agás que o contratista solicite outro menor, de acordo co disposto no artigo 213.2 TRLCSP.

## **24. CUMPRIMENTO DO CONTRATO**

24.1. O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizara a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e no de prescricións técnicas e a satisfacción da Administración, debendo levarse a cabo a correspondente recepción expresa no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 204.1 RXLCAP.

24.2. Se o obxecto do contrato non se atopara en condicións de ser recibido, deixarase constancia expresa de tal circunstancia e daranse as instrucións precisas ao contratista para que subsane os defectos observados, ou proceda a unha nova execución de conformidade co pactado. Se pese a elo, a prestación efectuada non se adecúa ao contratado, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, a Administración poderá rexeitala, quedando exenta da obriga de pagamento, e tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito ata entón.

## **25. CUMPRIMENTO DEFECTUOSO OU INCUMPRIMENTO PARCIAL DA EXECUCIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO**

25.1 No caso de que o contratista realizara defectuosamente o obxecto do contrato, ou incumpriera o compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para elo, o órgano de contratación poderá optar por resolver o contrato con incautación da garantía constituída, ou ben impoñer unha penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento, nunha contía que poderá alcanzar o 10 por 100 do orzamento do contrato.

25.2 Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumprira parcialmente a execución das prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou impoñer as penalidades que legalmente se determinen.

## **26. PRAZO DE GARANTÍA**

26.1. De conformidade co artigo 222.3 TRLCSP, e dado que a correcta execución dos servizos que constitúen o obxecto do contrato é constatable no mesmo momento da súa execución, non se establece prazo de garantía.

## **27. DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA**

27.1. Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultaran responsabilidades que deban exercitarse sobre a garantía definitiva, dictarase acordo de devolución ou cancelación daquela.

27.2. Transcorridos seis meses desde a data de remate do contrato sen que a recepción formal tivera lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación da garantía, sempre que non se produciran as responsabilidades as que se refire o artigo 100 TRLCSP.

## **VII. SUBCONTRATACIÓN, MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO**

### **28. SUBCONTRATACIÓN**

28.1 En materia de subcontratación estarase ao disposto no artigo 227 TRLCSP .

28.2 O contratista poderá subcontratar con terceiros a execución parcial do contrato, sempre que o importe total das partes subcontratadas non supere o 60 por 100 do importe de adxudicación do contrato.

28.3 Para levar a cabo a subcontratación da execución parcial de prestacións obxecto do contrato principal, o contratista deberá comunicalo ao órgano de contratación por escrito, cunha antelación mínima de 5 días hábiles á data na que deba iniciarse a execución do subcontrato, achegando, ao mesmo tempo, a seguinte documentación:

- Comunicación do subcontrato a celebrar, subscrita polo contratista e subcontratista, con indicación das prestacións ou partes do contrato a subcontratar e o seu importe.
- Declaración responsable do subcontratista, formulada ante autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado, de non atoparse inhabilitado para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendido nalgún dos suposto do artigo 60 TRLCSP.
- Declaración do contratista de que as prestacións a subcontratar, conxuntamente con outros subcontratos precedentes, se os houbera, non excedan do 60 por 100 do importe de adxudicación do contrato principal, con indicación expresa dos importes de cada un dos subcontratos realizados e do porcentaxe que o seu importe actual acumulado, incluído o que é



obxecto de comunicación, representa sobre o orzamento de adxudicación do contrato principal.

- Compromiso do contratista de cumprimento do previsto no artigo 227 TRLCSP.

28.4 As modificacións que se produzan nas prestacións obxecto do subcontrato ao longo da súa execución, deberán ser notificadas por escrito ao órgano de contratación, nun prazo non superior a quince días de producirse a mesma, con indicación das modificacións producidas.

28.5 Será requisito indispensable para o abono das correspondentes certificacións ou facturas ao contratista que o director ou supervisor da execución do contrato emita informe ou dilixencia facendo constar o porcentaxe subcontratado ata a data polo contratista para a execución do contrato principal ou, no seu caso, constatando que non se produzo a subcontratación.

## **29. MODIFICACIÓN DO CONTRATO**

29.1. O contrato so poderá modificarse nas condicións e cos requisitos establecidos nos artigos 105, 106, 210, 219 e 305 TRLCSP.

29.2. Non obstante o anterior, poderán levarse a cabo modificacións do contrato cando concorran algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo 1 do artigo 107 TRLCSP, sempre e cando non alteren as condicións esenciais da licitación e adxudicación do contrato, debendo limitarse a introducir as variacións estritamente indispensables para atender a necesidade que as faga necesarias. A estes efectos, entenderase que a modificación altera as condicións esenciais da licitación e adxudicación nos supostos contemplados no parágrafo 3 do citado artigo 107, sen que, en ningún caso, o seu importe acumulado poida ser igual ou superior, en máis ou en menos, ao 10 por 100 do prezo de adxudicación do contrato.

29.3. En todo caso, o órgano de contratación deberá aprobar, previamente a súa execución, a modificación do contrato, seguindo ao efecto o procedemento establecido no artigo 211 TRLCSP. Se a modificación se baseara nalgunha das circunstancias previstas no artigo 107 TRLCSP e as especificacións técnicas se redactaran por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos, deberá darse audiencia ao redactor das mesmas antes da aprobación da modificación do contrato, a fin de que, no prazo non inferior a tres días hábiles formule as consideracións que estime convenientes.

29.4. Aprobada a modificación, ambas partes deberán subscribir a correspondente addenda ao contrato inicial, de acordo co disposto no artigo 219.2 TRLCSP, en relación co artigo 156 do devandito Texto.

29.5. Serán obrigatorias para o contratista as modificacións do contrato que se acorden de conformidade co estipulado na cláusula anterior e nos artigos 105 a 108 e 219 TRLCSP. En caso de supresión ou redución das prestacións a executar, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha.

29.6. Cando as modificacións supoñan a introducción de novas unidades non previstas inicialmente ou cuxas características difiran das previstas no contrato, os prezos a aplicar ás



mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixara.

### **30. RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO**

30.1. Ademais dos supostos de cumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 223 e 308 TRLCSP, dando lugar aos efectos previstos nos artigos 224 e 309 TRLCSP. Así mesmo será causa de resolución o incumprimento da oferta do contratista.

30.2. Producirá igualmente a resolución do contrato, o incumprimento polo contratista da obriga de gardar sixilo profesional, respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegaran ao seu coñecemento con ocasión do mesmo.

30.3. Á extinción dos contratos de servizos, en ningún caso non poderá producirse a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal da Administración contratante.

## **VIII. OUTROS ASPECTOS DA CONTRATACIÓN**

### **31. SUSPENSIÓN DO TRABALLO DO CONTRATO**

31.1. Serán de aplicación o disposto nos artigos 220 TRLCSP e 103 RXLCAP.

31.2. Se o Concello acordara a suspensión do contrato ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 216.5 TRLCSP e do presente prego, levantarase un acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel.

31.3. Acordada a suspensión, a Administración abonará ao contratista, no seu caso, os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este, os cales se cifrarán con arranxo ao disposto nos parágrafos 2 e 3 do artigo 309 TRLCSP.

### **32. RISCO E VENTURA**

32.1. A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista.

32.2. Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen, por sí ou polo persoal ou medios dependentes do mesmo, a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde do Concello será responsable a mesma dentro dos límites sinalados nas leis.

32.3. O contratista será igualmente responsable dos danos e prexuízos que se orixinen durante a execución do contrato, tanto para o Concello como para terceiros, por defectos ou

insuficiencias técnicas do seu traballo, ou polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios nos que o traballo incurrira, de acordo có establecido no artigo 305 TRLCSP. Se o contrato se executara de forma compartida con máis dun profesional, todos responderán solidariamente das responsabilidades a que se refire esta cláusula.

### **33. REVISIÓN DE PREZOS**

O presente contrato non será sometido a revisión de prezos.

### **34. ORDE XURISDICCIONAL**

De conformidade có establecido no artigo 21.1 TRLCSP o orde xurisdiccional contencioso-administrativo será o competente para resolver as cuestións litixiosas relativas á preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativo.

## **ANEXOS**

### **ANEXO I. DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO EN PROHIBICIÓN PARA CONTRATAR**

### **ANEXO II. MODELO DE PROPOSICIÓN**

### **ANEXO III. MESA DE CONTRATACIÓN**

### **ANEXO IV. SOLICITUDE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS CO CONCELLO DE CORCUBIÓN**

## ANEXO I. DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO EN PROHIBICIÓNS PARA CONTRATAR

D. \_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_, actuando en nome propio ou en representación de \_\_\_\_\_, con domicilio en \_\_\_\_\_ e CIF núm. \_\_\_\_\_, interesado na adxudicación do contrato denominado “**Servizo de conexión, mantemento e explotación da rede inalámbrica municipal do Concello de Corcubión**”.

### DECLARO:

1. Que a empresa que represento e os seus administradores ou órganos de dirección non están incursos en prohibicións para contratar coa Administración, establecidas no artigo 49 e 130.1.c) TRLCSP.
2. Que a empresa que represento está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.\*

Lugar, data e asinado.

**\* Co asinado deste documento o declarante da fe de atoparse ao corrente de todos os pagamentos dos que estivera obrigado a realizar coa Facenda estatal (Axencia Estatal de Administración Tributaria), autonómica (Xunta de Galicia), así como coa Seguridade Social.**

## ANEXO II. MODELO DE PROPOSICIÓN

D. \_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_, actuando en nome propio ou en representación de \_\_\_\_\_, con domicilio en \_\_\_\_\_, e CIF núm. \_\_\_\_\_, segundo acredita con poder bastanteado que se xunta, enterado do expediente de contratación denominado “**Servizo de conexión, mantemento e explotación da rede inalámbrica municipal do Concello de Corcubión**”, comprométome a realizalo con base na seguinte oferta:

Número de orde	Criterio	Reflectir en letra		Reflectir en número
1	Proposición económica	Prezo base		
		21% IVE		
		Prezo total		
2	Criterio de discapacidade *			

\* O criterio de discapacidade actuará unicamente no caso de empate entre dúas ou máis empresas. No modelo de proposición expresarase o tanto por cen do persoal discapacitado de que dispón a empresa en relación ao seu volume global de traballadores fixos en plantilla. No caso de que unha empresa non teña persoal discapacitado farase constar cun cero.

Corcubión, a \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_, de 2013

Asinado

### ANEXO III. MESA DE CONTRATACIÓN

Aos efectos previstos no artigo 320 TRLCSP e no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público, a Mesa de Contratación para a presente licitación estará composta polas seguintes persoas:

Presidente	Don Manuel Insua Insua	Concelleiro
Vocais	Dona M <sup>a</sup> Manuela Fernández Louro	Concelleira
	Dona M <sup>a</sup> Lourdes Castro Pena	Secretaría-interventora
	Don Antonio Martínez Dominguez	Arquitecto
	Don Norberto Pais Redonda	ADEL
Secretario da Mesa	M <sup>a</sup> del Carmen Trillo Mouzo	Auxiliar Administrativo

## **PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONEXIÓN, MANTEMENTO E EXPLOTACIÓN DA REDE INALÁMBRICA MUNICIPAL DO CONCELLO DE CORCUBIÓN.**

### **1. OBXECTO DO CONTRATO.**

O presente documento constitúe o prego de prescricións técnicas particulares que rexerá o servizo de mantemento e explotación da rede inalámbrica municipal do Concello de Corcubión.

Este servizo prestarase con base ás instalacións existentes que se levaron a cabo co proxecto do ano 2009, redactado por Estratega Consulting Global, enxeñeiro superior de telecomunicacións Manuel Burillo Morais, colexiado nº 9.530.

Prestarase servizo de Internet de banda longa de unha capacidade mínima de 2 megas nos locais do Concello de Corcubión.”

### **2. PROPIEDAD DE LA REDE INALÁMBRICA**

Toda a documentación e infraestrutura da rede inalámbrica é propiedade do Concello de Corcubión, que poderá exercer o dereito de explotación.

### **3. OBXECTIVOS**

Prover de conectividade avanzada de Internet a través da rede inalámbrica municipal existente aos locais municipais que se indican no presente prego que dependen do Concello e aos cidadáns do municipio, situados xeograficamente no ámbito dos devanditos locais sociais.

Os colectivos de usuarios que son obxecto do proxecto son:

- Por un lado, os veciños que son os que, en principio, poden adoeecer de maior falta de infraestruturas para conexión a Internet e utilizan de xeito mais habitual os locais socioculturais do Concello de Corcubión. Dentro de esta categoría, so se inclúen os veciños empadroados no Concello de Corcubión.

- Por outro lado, están tamén as empresas que, de un modo ou outro, poderán beneficiarse das infraestruturas existentes para a súa actividade profesional.

Os usos previstos para a conexión a Internet son os seguintes:

1. Acceso a servizos de Administración Electrónica: o Concello de Corcubión dispón de unha paxina web dende a que se ofrecen unha gran cantidade de servizos cidadáns de Administración os cales serán accesibles de forma preferente dende a rede inalámbrica municipal.

2. Ocio e entretemento excluindo explicitamente actividades como: descarga masiva de ficheiros, redes P2P e, en xeral, acceso e intercambio a sitios de contidos ilegais, ofensivos, discriminatorios e pornográficos.

3. Turismo e Cultura: promoción da actividade turística e cultural para veciños de Corcubión como para persoas foráneas que visitan o Concello.

#### 4. ÁMBITO XEOGRÁFICO DE ACTUACIÓN

Todos os traballos de subministración, instalación e configuración do sistema e as súas aplicacións asociadas realizaranse no termo municipal de Corcubión e contarán coa infraestrutura de telecomunicacións propiedade do Concello de Corcubión. O proxecto non pretende conseguir unha zona de cobertura 'universal' no Concello senón que haxa un número de zonas concretas que teñan o servizo. Estas zonas estarán convenientemente publicitadas (páxina Web, folletos de presentación do proxecto, fisicamente nas propias zonas con carteis explicativos, etc.). O Concello busca cubrir o máximo número de zonas do municipio sobre a base de dar servizo de acceso a internet nos seguintes locais municipais propiedade do Concello.

NOME CENTRO
Radio Municipal
Casa da Cultura
Polideportivo
Cárcere Vello (oficina de turismo)

#### 5. OBRIGACIÓNS XERAIS

O licitador que resulte adxudicatario do contrato para desenvolver o establecido no presente prego de condicións técnicas, con independencia das demais prescricións, responderá dos danos e prexuízos que durante a execución do contrato se causen, tanto ao Concello como a terceiros, por defectos ou insuficiencias técnicas do servizo prestado ou polos erros materiais, omisións ou infraccións de preceptos legais ou regulamentarios en que este incorrese, imputables a aquel.

Deberá formular mecanismos ou sistemas que permitan asegurar a seguridade e confidencialidade dos datos transmitidos e garantir o cumprimento dos disposto na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro de Protección de datos. A empresa licitadora deberá contar coas oportunas licenzas administrativas para actuar como operador de Internet, no momento de presentación da oferta.

#### 6. SERVICIOS A OFRECER

##### 6.1. Acceso a internet

Consiste na conexión a Internet que dará servizo aos puntos de acceso indicados anteriormente.

O beneficiario que opere e explote a rede deberá incluír no seu paquete de servizos e satisfacer baixo demanda a prestación dun servizo minorista de acceso coas seguintes características mínimas por cada punto de acceso indicado anteriormente:

a) Ancho de banda nominal mínimo: deberá proporcionarse un ancho de banda nominal non inferior a 2 Mbps e 512 Kbps descendentes e ascendentes

b) Modalidade de acceso: non deben existir limitacións horarias ao acceso ao servizo e, no caso de aplicar unha limitación ao volume dos datos descargados, esta debe ser de 2 GB ou



superior, non podendo cortarse o servizo ao alcanzar este volume de descargas e admitíndose unicamente unha redución do ancho de banda.

c) Disponibilidades de servizo maiores ao 97% cando sexan medidas en intervalos mensuais

d) Garantir que polo menos o 95% do tempo está dispoñible, como mínimo, un 25% do ancho de banda nominal mínimo esixido.

Dado o carácter municipal, público e gratuíto deste servizo, a rede dará preferencia ás solicitudes de Administración sobre o resto polo que a infraestrutura despregada deberá dispoñer de mecanismos que permitan esta discriminación positiva nos accesos. Co fin de evitar abusos na utilización desta rede que prexudicarían á normal utilización das infraestruturas despregadas, os accesos deberán controlarse mediante unhas claves que se xerarán no momento da solicitude e terán unha validez temporal determinada.

## 6.2. Xestión e Mantemento.

Todas as tarefas de xestión e mantemento do acceso a Internet nos puntos de acceso descritos neste prego recaerán no adxudicatario. En concreto, estas tarefas abranguerán, como mínimo:

1. Asesoramento en materia de Internet.

2. Outras tarefas e xestións menores que puidesen xurdir con respecto a esta materia.

O adxudicatario deberá manter, subministrar e repoñer (cando sexa necesario) cada unha das instalacións e equipamentos recollidos no Inventario de infraestruturas da Rede WiFi Municipal, mantendo a rede de radioenlaces en perfectas condicións de funcionamento, ou mediante outras tecnoloxías de similares características que manteñan ou melloren o servizo acceso actual, reunindo como mínimo as seguintes características:

- Cando así lle sexa requirido polo Concello de Corcubión, a empresa adxudicataria elaborará un plan que detalle o custo de investimento, despregamento tecnolóxico proposto e prazos previstos, que non deberán superar en ningún caso o período da concesión da explotación, necesarios para a ampliación das infraestruturas e dos servizos de interconexión, a futuras sedes municipais.

- Baixa emisión de potencia.

- Cumprimento estrito das directivas para a utilización da banda de frecuencias de 2.4 e 5 GHz de uso sen necesidade de licenza.

- Capacidade de anulación de interferencias.

- Alto nivel de seguridade e procesos de autenticación.

Toda reposición, instalación ou equipamento novo deberá ser informada ao Concello e quedará incorporado e integrado no equipamento que constitúe a Rede Wifi de acceso a Internet banda ancha propiedade do Concello de Corcubión, como un elemento máis afecto ás condicións do contrato e cuxo custo queda, igualmente, incluído no prezo do contrato.

Cumprírase os seguintes tempos mínimos de resolución de incidencias:

- Punto de acceso avariado: resolución en 24 horas máximo;

- Sistemas centrais avariados: resolución en 8 horas.

O adxudicatario debe contar con persoal experto en comunicacións, configuración de equipos e protocolos de Internet.

## 6.3 Atención o cliente

Soporte a usuario final: o adxudicatario deberá ofrecer un servizo de atención e soporte técnico ao usuario final que se prestará en modalidade multicanle (teléfono e correo electrónico). Especificaranse as condicións e métricas do Acordo de Nivel de Servizo. O

horario de prestación do servizo será: De 9 a 14 horas e; pola tarde; de 16.00 a 19.00 horas.  
De Luns a Venres non festivos.

#### **6.4 Outros servizos propostos.**

Como elementos opcionais a valorar na proposta técnica que presente, a empresa licitadora poderá incluír na súa memoria técnica desagregación de propostas de valor engadida como poden ser:

- Garantir a idoneidade da conexión a Internet para a concertación de Videovixilancia de centros públicos.
- Outros.

#### **7. PRAZO.**

A posta en marcha da rede inalámbrica existente deberá ter unha duración máxima de dous meses.

#### **8. DOCUMENTACIÓN TÉCNICA A ENTREGAR**

A entidade adxudicataria deberá incluír na proposta técnica, como mínimo, a seguinte documentación:

Informe informativa sobre a empresa licitadora na que se inclúan:

Datos de contacto.

Detalle da súa experiencia neste tipo de proxectos.

Méritos e información que a empresa desexe destacar.

Infraestructuras propiedade da empresa.

Descrición detallada dos servizos a prestar: subministración, instalación, soporte, mantemento, etc...

O licitador poderá achegar calquera outra documentación que considere conveniente para a definición e cualificación da súa oferta.

#### **9. PARTIDA DE INVESTIMENTO.**

Segundo o anteriormente descrito no prego de condicións técnica, o capital necesario para levar a cabo a proposta técnica é de 6.000 €/anuais. Inclúense os servizos necesarios para levar a cabo dita proposta para dar acceso a internet de banda ancha.

#### **10. CRITERIOS DE VALORACIÓN**

Os criterios obxectivos con arranxo os cales se valorarán as ofertas serán os seguintes:

A puntuación máxima establecerase atendendo a calidade técnica da oferta presentada, a valoración económica e outros aspectos, de acordo cos criterios de ponderación recollidos nos pregos de condicións administrativas particulares.